

PROXECTO EDUCATIVO

CPI AS MIRANDAS

ÍNDICE

	Pax.
1 IDENTIFICACIÓN DO CENTRO	3
1.1 CONTEXTO.	3
1.2 ESTRUCTURA FÍSICA	5
1.3 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	5
1.4 SERVICIOS	7
1.5 PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS	8
1.6 OFERTA EDUCATIVA	8
2 OS VALORES	10
3 OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN	11
3.1 OBXECTIVOS	11
3.2 PRIORIDADES DE ACTUACIÓN	16
4 ASPECTOS ORGANIZATIVOS	16
5 ASPECTOS CURRICULARES	17
5.1 OBXECTIVOS	17
5.2 METODOLOXÍA	20
5.3 CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO	21
5.4 CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E DA TITULACIÓN NA ESO	26
5.5 CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E USO DE RECURSOS	29
5.6 ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES	30
5.7 A CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS	32
6 O TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTRAS ENSINANZAS	32
7 A FORMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	34
8 A ACCIÓN TITORIAL	38
9 MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN E. INFANTIL	40
10 ESTRATEXIAS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO OU CICLO	41
11 ATENCIÓN EDUCATIVA PARA O AUMNADO DE INFANTIL QUE NON OPTA POLA RELIXIÓN	42
12 SECCIÓNS BILINGÜES	44
13 PLANS E PROXECTOS	45

1. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1.1- CONTEXTO



O CPI As Mirandas sitúase no número 4 da rúa Celso Emilio Ferreiro do concello de Ares. Atópase nunha parcela na que se combinan instalacións educativas e deportivas, un pavillón polideportivo e unha pista polideportiva, ambos cubertos, e dos que tamén fai uso o Centro.

As instalacións actuais son o froito de sucesivas ampliacións que tiveron lugar a partir dun primeiro edificio inaugurado no ano 1973, e que supuxo nese momento a concentración das escolas unitarias existentes que estaban espalladas polas tres parroquias do concello. Así, as escolas de nenos e nenas (ata ese momento separados por sexos) de Redes, Seselle, Cervás e Ares, xuntáronse neste novo edificio, que fora construído no marco dunha profunda renovación promovida polas autoridades educativas da época buscando a mellora da formación. Esta concentración foi acollida polas instancias políticas do concello con certas reticencias,

non pola reforma en si, coa que estaban de acordo, se non, por “baleirar de contido” aqueles edificios nos que se viña impartindo a ensinanza e que foran construídos desde principios do século XX con tanto esforzo cos cartos enviados polos emigrantes en ultramar con ese fin exclusivo “na procura dun futuro mellor para os seus fillos”. Estas reticencias foron quizais a causa de que as primeiras instalacións naceran xa escasas de espazo, pois para preservar esa memoria histórica, ideouse que as escolas aresáns dos barrios de O Lago e O Porto, lugares onde se asentaban, continuaran acollendo parte da ensinanza, polo que a concentración non foi total.




Na consecución daqueles primeiros espazos tivo unha importante participación D. Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, que foi quen dinamizou o proceso. En sinal de agradecemento o Centro tomou o seu nome ata maio do 2016.

Unha reforma posterior do edificio no ano 1988 acabou por concentrar as aulas de O Porto, quedando as de O Lago para a educación infantil.

Finalmente, outra ampla reforma xeral da ensinanza (LOXSE), a finais da década dos noventa, veu de crear o actual CPI, no que se acollen as ensinanzas de infantil, primaria e secundaria, para o cal se fixeron as correspondentes ampliacións.

O Centro encrávase na capital dun concello pequeno (18 km²), situado na península de Bezoucos, dentro do golfo Ártabro, ao sur de Ferrol e bañado polas tranquilas augas da ría de Ares, e cunha poboación que flutúa en torno aos cinco mil habitantes. Esta situación xeográfica explica tamén claramente o que foi e o que é o seu desenvolvemento económico, intimamente ligado a esa condición marítima. Primeiramente e ao longo de case todo o século pasado baseado na explotación dos recursos pesqueiros e os seus derivados, e na última parte do mesmo e no actual, baseado nun importante e rápido desenvolvemento do sector turístico, aínda en clara expansión. Tampouco hai que deixar de salientar nesa actividade económica a importancia que tiveron en Ares e na súa poboación as épocas migratorias de primeiros do século pasado (que motivou ese interese pola ensinanza que deu orixe aos centros educativos dos que falabamos anteriormente) e dos anos cincuenta, ámbalas dúas a ultramar, e posteriormente a Centroeuropa, así como tamén facer referencia á importancia da construción naval nas veciñas localidades de Fene e Ferrol, que tirou do emprego e da economía aresá na segunda metade do século pasado.



Ese atractivo turístico de Ares, xunto con outras circunstancias que o acompañan como a disposición totalmente cha dos lugares de espaxamento, a oferta de novas vivendas, a instalación próxima de industrias, unha climatoloxía temperada, as súas praias, e o importante crecemento actual do sector servizos, fan que sexa un dos poucos concellos desta comarca en crecemento poboacional, o que motivou esa ampliación do centro educativo anteriormente referenciado e o que fai ser claramente optimista cara ao seu futuro.



Por último cabe tamén destacar que contar cun proceso educativo que cubrise adecuadamente as necesidades dos seus habitantes foi unha preocupación constante da poboación de Ares, que dedicou a el un esforzo constante a través de todo o século XX, e do que foron un exemplo claro as súas escolas unitarias. A primeira achega construtiva sería por parte do Estado non tivo lugar precisamente ata a realización dese edificio inaugurado no ano 1973, que é o xerme do actual CPI. Esa preocupación estendeuse e esténdese aínda

hoxe a tódolos ámbitos recreativos e culturais, o que fan de Ares un pobo cunha ampla e dinámica actividade social e cultural, plasmada na existencia de numerosas entidades recreativas, sociais, deportivas e culturais, que dinamizan a vida aresá.

No curso 2015-2016, levouse a cabo un **Proxecto de Cambio do nome do centro**, aberto a toda a comunidade educativa. Neste proceso tras varias suxestións, achegas de alumnado e familias e votacións, elixiuse como novo nome: **“AS MIRANDAS”** enalzando o nome dunhas rochas na costa que gardan unha lenda moi fermosa.

1.2 ESTRUCTURA FÍSICA

O centro consta de dous edificios, unha pista cuberta e unha casa para o conserxe (habilitada para diferentes aulas: Audición e Linguaxe, Relixión/Valores o Atención Educativa, titoría de infantil e local da ANPA). Ademais dentro do recinto escolar está o pavillón polideportivo municipal, que o centro utiliza no horario lectivo, exceptuando cando o precisa o Concello na organización dalgunhas actividades.

O recinto escolar está valado, aínda que permanece fóra do horario escolar á disposición do Concello para facilitar o acceso dos alumnos/as á pista cuberta onde poden xogar, facer deporte e relacionarse.

O centro foi reformado e ampliado no curso 1998/99, coincidindo coa implantación do 2º ciclo da ESO. A reforma estivo marcada por unha mala construción que provocou numerosas deficiencias que, aínda que algunha foi enmendada pola administración, seguen a presentar numerosos problemas. Ademais a ampliación foi insuficiente e o centro carece dunha Biblioteca de centro, aulas de idiomas e titorías suficientes. Tampouco ten cafetería como outros colexios destas características. Tiveron que ser habilitados con cargo ao centro pequenos espazos nos corredores para utilizar como aula de lectura na ESO.

O centro conta coas seguintes instalacións:

- Biblioteca (no edificio de Primaria).
- Laboratorio (no edificio de Secundaria).
- Pista polideportiva cuberta e pavillón polideportivo do concello.
- Aulas de música, plástica, tecnoloxía, informática (no edificio da ESO).
- Aulas de Pedagogía Terapéutica de E.P. e na E.S.O.
- Aula de Audición e Linguaxe (habilitada na casa do conserxe).
- Aula-despacho para titoría de infantil (habilitada na casa do conserxe).
- 6 aulas de E.I. (2 delas son aulas modulares no patio).
- 12 aulas de E. Primaria, 1 de música e 1 de Informática no edificio de Primaria.
- 8 aulas de E.S.O. no edificio da ESO e 2 aulas no soto deste edificio (para os distintos grupos, optativas, programas de mellora, agrupamentos flexibles, etc...).
- 1 departamento de Orientación.
- 2 salas de profesorado.
- A sala de atención a pais/nais habilitadas nos departamentos na ESO e nas aulas correspondentes en primaria.
- Unha sala de usos múltiples (non ten cabida para todo o alumnado).
- 4 despachos (equipo directivo), 1 despacho de administración e 1 garito para o conserxe.

1.3 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A. PROFESORADO:

O cadro de persoal do centro constitúeno entre 50 e 53 profesores/as, dependendo do curso académico, das distintas etapas e especialidades:

- Educación Infantil (8)
- Educación Primaria (11).
- Especialidades de Primaria (2 L.I., 1 L. Francesa con titoría, 2 E.F., 1 EM, 1 PT, 1 AL e 1 REL)
- Na ESO (2 L.C., 1L.G., 1 Bª-Xª, 1 Xª Hª, 2 MAT, 1 FQ, 1 TEC, 1L. FR , 2 L.ING, 1 MUS, 1 EPVA, 1 Ed. Fca. e 1 PT)
- 1 REL na ESO compartida con outro centro ; 1 REL e 1 P.T. en Primaria a tempo completo.
- 1 Orientadora.

B. ORGANOS DE GOBERNO:

Órganos unipersoais:

O **equipo directivo** está composto por:

- un director/a.
- un xefe/a de estudos de E. Infantil e E. Primaria.
- un xefe/a de estudos de ESO.
- un secretario/a.

Os órganos colexiados:

Claustro: formado por todos o profesorado do centro.

Consello escolar, formado por:

- Equipo directivo.
- 6 profesores/as.
- 3 pais/nais (un representante da ANPA)
- 3 alumnos/as
- 1 representante do Concello
- 1 representante do persoal non docente

Dentro do Consello Escolar créanse:

1. **Comisión Económica**, integrada por:

- a directora.
- o secretario.
- un representante das familias.
- un representante do profesorado.
- un representante do alumnado.

2. **Comisión de convivencia**, integrada por:

- a directora.
- as 2 xefas/es de estudos.
- un representante das familias.
- dous representantes do profesorado.
- un representante do alumnado.

C. EQUIPOS DOCENTES:

Segundo a normativa vixente, no noso centro están constituídos os seguintes equipos e departamentos:

- O Equipo de ciclo (Infantil).
- Os 14 Departamentos didácticos.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- O Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- O Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias e dentro deste o Equipo de Biblioteca escolar.
- O Equipo TIC
- O Departamento de orientación.

As normas e funcións do equipo directivo, dos órganos de goberno e dos equipos docentes, están recollidas no **Normas de Organización e Funcionamento**.

D. ALUMNADO

O alumnado, pertencente as tres etapas educativas (EI, EP e ESO), repártese nas seguintes unidades:

- 6 unidades de EI
- 12 unidades de EP
- 8 unidades de ESO.

Este nº de unidades das distintas etapas soe ser estable pero, dependendo das necesidades educativas, poden establecerse grupos de atención para alumnado estranxeiro, grupos de reforzo fóra da aula, desdobres en FQ e BªXª para laboratorio, en Tecnoloxía para taller, en Inglés e de mellora de aprendizaxe na ESO contemplados na LOMCE, , para axudar a aqueles alumnos/as que así o precisen á obtención do título de Graduado en ESO.

O nº de alumnado no noso centro, nos últimos anos, oscila entre os 430-450 alumnos/as.

E. Xunta de delegados/as:

Integrada polos delegados/as dos cursos do terceiro ciclo de EP e da ESO a súa elección, funcións e competencias están recollidas no NOF.

F. Persoal non docente:

O centro conta con:

- un administrativo.
- 2 coidadoras (persoal que poderá variar en función das necesidades)
- 1 cociñeira e 2 auxiliares de cociña.
- un conserxe (dependente do Concello)
- 2 membros do persoal da limpeza (membros dunha Empresa contratada pola Consellería).

G. ANPA.:

Na nosa comunidade educativa existe unha ANPA legalmente constituída .

1.4- SERVIZOS

● O comedor escolar

O comedor do centro ofrece servizo de almorzo (Almorzares) e de xantar.

A xestión do almorzo corresponde ao Concello en colaboración co ANPA. O horario é de 7:30 a 9:15h.

A xestión do xantar é competencia da Consellería de Educación, exercida pola Dirección e supervisada polo Consello Escolar do centro.

O servizo de comedor ten unha persoa encargada e 7 colaboradores .

Actualmente temos **189 prazas adxudicadas**.

O horario do xantar e de 14:30 a 15:30h.

Está en funcionamento a **Normativa de uso do servizo de comedor** que forma parte do **PXA**.

• O transporte escolar

Existen 2 rutas de transporte escolar:

1. De Redes (Pedregal) ata Ares (CPI) con 7 paradas.
2. De Chanteiro (Chanteiro Praia) a Ares (CPI) con 8 paradas .

En cada ruta hai unha acompañante para o coidado do alumnado no transporte.

O número de alumnado transportado varía cada curso escolar, estando entre 54 e 60 os usuarios

lexítimos e entre 15 e 25 o alumnado con autorización excepcional.

O servizo de transporte esta xestionado pola Consellería de Educación e concedido a ARRIVA, S.L.

Estableceuse a **normativa do transporte escolar**, o seu uso, así como a identificación dos usuarios lexítimos e non lexítimos e dos acompañantes (**anexos na P.X.A.**).

1.5- PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS

O centro na medida do posible, e sempre que a comunidade educativa o considere oportuno participará naqueles programas institucionais que axuden a conseguir os obxectivos xerais e específicos que o centro se propón para dar respostas ás necesidades educativas.

En particular o noso centro participa no programa de prevención de drogas, de fomento de hábitos saudables e de educación viaria impulsados polo Concello e no plan de mellora da convivencia e da seguridade escolar en colaboración co Ministerio do Interior.

Participa ademais nas campañas de sensibilización e concienciación puntuais da Xunta de Galiza, como Plan de Consumo de froitas frescas.

O centro participa activamente nos programas do Plan Proxecta : METEOESCOLAS e Erasmus+ KA101- Mobilidade de persoal de educación escolar por motivos de aprendizaxe.

1.6.- OFERTA EDUCATIVA

Este centro conta con dúas liñas en todos os niveis educativos ofertados:

EDUCACIÓN INFANTIL

- 4º EDUCACIÓN INFANTIL (A/B)
- 5º EDUCACIÓN INFANTIL (A/B)
- 6º EDUCACIÓN INFANTIL (A/B)

EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1º CICLO (1º A/B e 2º A/B)
- 2º CICLO (3º A/B e 4º A/B)
- 3º CICLO (5º A/B e 6º A/B)

EDUCACIÓN SECUNDARIA

- 1º ESO (A/B)
- 2º ESO (A/B)
- 3º ESO (A/B)
- 4º ESO (A/B)

1.6.1. OPTATIVIDADE E ITINERARIOS FORMATIVOS

As materias optativas son propostas educativas que pretenden responder aos intereses e modos de aprender dos alumnos e alumnas.

A súa combinación coas áreas obrigatorias da ESO dá lugar a diferentes itinerarios formativos e posibilita a elección do alumnado en función dos seus intereses, motivacións e preferencias.

Por iso no PAT contemplamos actividades de autoconecemento e de toma de decisións para que os alumnos e alumnas poidan elixir responsablemente de entre a oferta de itinerarios formativos do centro aquel que mellor responda ás súas capacidades, necesidades e intereses.

● En 1º e 2º de ESO: Non existe optatividade.

Os/as alumnos/as que presenten un desfase curricular moi importante poderán quedar exentos do estudo da 2ª lingua estranxeira, seguindo o procedemento que establece a lei para estes casos.

● Itinerarios e Optativas de 3º de ESO.

Tal como se recolle na LOMCE o alumnado de 3º ESO terán que elixir entre **2 opcións e ou itinerarios subvencionados polo FSE:**

- ◆ Matemáticas Académicas (enfocado ao alumnado que vai realizar Bacharelato)
- ◆ Matemática Aplicadas (enfocado ao alumnado que vaia cursar unha FP)

Por outra banda terá que elixir entre as seguintes **optativas:**

- ◆ 2ª Lingua estranxeira (Francés).
- ◆ Cultura clásica.

● Itinerarios e Optativas de 4º de ESO.:

Ademais das materias comúns o/a alumno/a deberá elixir un dos **tres itinerarios ofertados**, que constará de tres materias de entre as seguintes: Bioloxía e Xeoloxía, E. Plástica e Visual, Física e Química, Informática, Latín Música, 2ª Lingua Estranxeira: Francés e Tecnoloxía; organizadas así:

ITINERARIO A	ITINERARIO B	ITINERARIO C
<ul style="list-style-type: none">➔ Matemáticas Académicas➔ Bioloxía e Xeoloxía➔ Física e Química	<ul style="list-style-type: none">➔ Matemáticas Académicas➔ Economía➔ Latín	<ul style="list-style-type: none">➔ Matemáticas Aplicadas Elixir 2 por orde de preferencia do 1 ao 3 :➔ Tecnoloxía➔ Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional➔ Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
Elixir dúas materias específicas do seguinte grupo (numerar por orde de preferencia do 1 ao 4): <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> EPVA <input type="checkbox"/> Tecnoloxía (agás os do It.C se xa se escolleu)		

2.- OS VALORES

O CPI As Mirandas é un centro público de variedade ideolóxica, que se basea nos principios democráticos, na liberdade e no pluralismo.

Foméntase entre os distintos compoñentes o diálogo, a tolerancia, a disciplina, o respecto aos demais e a solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación.

2.1 Confesionalidade

É un centro aconfesional, laico, polo tanto, respectaranse todas as crenzas relixiosas de cada compoñente, considerándoas como pertencentes ao ámbito privado.

2.2 Lingua de aprendizaxe

O centro promoverá iniciativas que axuden a compensar a balanza lingüística entre todos os compoñentes.

2.3 Coeducación

Este centro aposta pola coeducación na igualdade dos sexos, igualdade de oportunidades promovendo a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas. Estes valores considéranse contidos actitudinais e transversais, nos que se incidirá en todos os niveis educativos.

2.4 A Educación como proceso integral

Este centro insiste nunha educación na que o alumnado adquira responsabilidade individual e se valore o seu mérito e esforzo persoal.

Tamén en que o alumnado teña capacidade para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes, coñecementos, creatividade e iniciativa persoal, así como o seu espírito emprendedor. Tratarase o fomento da mellora dos hábitos intelectuais, técnicas de traballo, coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, artísticos, históricos, e o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e deportivo.

A eclosión urbanística de Ares que se está producindo actualmente, está condicionando os hábitos consumistas, de interrelación social e cultural e de ocio, polo que a educación debe servir para sensibilizar nos cambios que se están producindo e prepararlos para ser cidadáns con criterio propio asumindo e valorando as súas consecuencias, sen para nada perder a autoestima e os referentes tradicionais.

O profesorado impulsará unha aprendizaxe activa que desenvolva iniciativas e creatividade, así como o interese do alumnado en seguir a súa formación e integración na sociedade como cidadáns libres e responsables

2.5 Pluralismo e valores democráticos.

Prestarase atención na preparación do alumnado para o exercicio da cidadanía, para a participación

na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica, responsable e de adaptación ás situacións cambiantes na sociedade.

Informarase da xestión, da lexislación, das normas de convivencia a todos os sectores que forman parte do noso centro escolar.

2.6 Liña metodolóxica

O centro baseará a súa liña metodolóxica nos seguintes principios:

- A participación activa dos alumnos na súa formación.
- A metodoloxía práctica e integradora, no senso de que sexa transmisora de coñecementos, habilidades e valores que sirvan para a formación global dos alumnos e a súa integración na sociedade.
- O estímulo das capacidades de crítica, autocrítica, autonomía, responsabilidade, toma de decisións,...
- A orde e a disciplina considéranse necesarios para a vida e o traballo académico.
- A boa coordinación e dinamismo entre o profesorado.
- A atención á diversidade de capacidades, personalidades e agrupamentos.
- A avaliación sistemática de todos os procesos implicados na tarefa docente (práctica docente, relación profesor alumno, libro de texto, actividades, etc.).

2.7 Procedementos de actuación

- Ao principio de cada etapa educativa e co alumnado procedente doutros centros, o profesorado e o Departamento de Orientación, realizarán unha avaliación inicial que permitirá arbitrar as medidas axeitadas para o bo desenvolvemento do curso académico.
- Para mellorar a educación cívica do alumnado, todo o profesorado se implicará na tarefa, detectando e corrixindo condutas, dando pautas e poñendoas en coñecemento das familias do alumnado para que se impliquen e colaboren co profesorado de maneira activa e conxunta.
- Contaremos coa colaboración dos Servizos Sociais do Concello, para aqueles casos que o requiran (falta de recursos económicos, desidia familiar, absentismo...).
- Nos casos de acoso escolar aplicarase o Protocolo de Acoso Escolar da Xunta de Galicia.

3. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

3.1 OBXECTIVOS

ÁMBITO DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN:

4.1.- Mellorar a convivencia no noso centro:

4.1.1 Facilitar un clima de confianza e de relacións humanas que faciliten o traballo diario.

- Adoptar un estilo de convivencia que resalte os aspectos positivos do alumnado e do profesorado, que normalmente pasan desapercibidos sendo sempre os aspectos negativos os que teñen máis repercusión.
- Fomentar a información e o intercambio de ideas e establecendo a recollida periódica de suxerencias de mellora na organización do centro.
- Xestionar os conflitos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación

4.1.2 **Acoller adecuadamente ao alumnado de nova incorporación.**

- Aplicar o Plan de Acollida de alumnado de nova incorporación: elaborado, en colaboración coas Xefaturas de Estudos, polo Departamento de Orientación. Neste Plan integranse:
 - O Plan de acollida ao alumnado estranxeiro
 - O Plan de Adaptación para o alumnado de E. Infantil.

4.1.3 **Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro.**

- Continuar participando nas actividades propostas polos Servizos Sociais do Concello de Ares relativas a habilidades sociais, educación para a convivencia, educación para a saúde, etc., así como a colaboración coa ANPA.
- Traballar coa colaboración de todo o profesorado no coidado dos espazos de traballo, implicando ao alumnado.
- Potenciar o establecemento de xogos, competicións deportivas, actividades colectivas, grupos de traballo de coidado do contorno, etc. nos recreos e determinados días de celebración.

4.1.4 **Poñer en práctica o Plan de Convivencia e velar polo seu cumprimento.**

- Facer coñecer e implicar a toda a comunidade educativa no Plan de Convivencia Escolar xa elaborado e dinamizar a súa posta en marcha.
- Continuar colaborando cos servizos sociais do Concello nos casos que se considere preciso.

4.2. Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero

4.2.1 **Continuar as actividades de tutoría co alumnado.**

- Realizar actividades de acción tutorial encamiñadas a favorecer o coñecemento dun mesmo e dos demais e o respecto mutuo, coa colaboración do Departamento de Orientación.

4.2.2 **Fomentar a maior participación do alumnado na vida do Centro:**

- Dinamizar as funcións dos delegados e delegadas de curso, coa colaboración do D. de Orientación e os titores e titoras e coa participación do alumnado.

4.2.3 **Favorecer a igualdade de xénero**

- Evitar a utilización de linguaxe sexista en todos os documentos e comunicacións e na vida do Centro.
- Potenciar as conmemoracións institucionais de datas sinaladas e relativas á igualdade de xénero, a non violencia...

4.3.- Apoiar o traballo do profesorado, aumentando a súa implicación na organización e funcionamento do Centro.

- Favorecer a participación de todo o profesorado na toma de decisións que afecten á vida do Centro, estando sempre abertos ás iniciativas ou suxestións de mellora do Centro.

4.4.- Fomentar a colaboración e implicación das familias na tarefa educativa

4.4.1 Incrementar a comunicación e o intercambio de información coas familias.

- Seguir mantendo contactos coas familias no mes de xuño do curso anterior á incorporación do alumnado de 3 anos, para dar orientacións que favorezan a incorporación deste alumnado ao Centro.
- Contactar coas familias do alumnado, tanto en reunións de grupo, como de xeito individual, para intercambiar información e establecer actuacións con cada alumno e alumna en concreto.
- Continuar coas reunións informativas coas familias do alumnado que remata unha etapa educativa (6º de E. Infantil, 6º de E. Primaria e 4º de E.S.O.), para darlles a coñecer todo o relativo á nova etapa que comezan.
- Promover o uso da axenda escolar como documento de planificación do alumnado.

4.5.- Colaborar activamente coa ANPA e o Concello.

- Intercambiar informacións e coordinar as distintas actividades programadas durante o curso escolar.
- Acadar un consenso no servizo de mantemento por parte do Concello.

ÁMBITO PEDAGÓXICO E DE PLANIFICACIÓN DOCENTE:

4.6.- Mellorar o rendemento académico do alumnado.

4.6.1 Potenciar a atención á diversidade.

- Priorizar na elaboración de listaxes e horarios a atención á diversidade, favorecendo os desdobres, os apoios e reforzos tanto dentro da aula como fóra dela, etc.
- Colaborar co Departamento de Orientación para a elaboración de A.C.S. e asesorar ao profesorado no procedemento para esta elaboración.
- Solicitar a colaboración da orientadora familiar do Concello para axudar ao alumnado que non conta con apoio familiar.

4.6.2 Reforzar a aprendizaxe das técnicas instrumentais.

- Fomentar a cultura do esforzo como un obxectivo común de todo o profesorado do Centro.
- Colaborar dende todos os ámbitos da aprendizaxe para que se optimice o ensino das técnicas instrumentais co fin de acadar as competencias básicas.
- Continuar cos reforzos fóra da aula e desdobres para favorecer estas aprendizaxes sempre que os recursos do Centro o permitan.
- Favorecer a coordinación dos titores e titoras co profesorado de apoio (P.T. e A.L.).

4.6.3 Fomentar a lectura.

- Fomentar a dinamización do equipo de biblioteca e favorecer as propostas de actividades de animación á lectura.
- Manter o Proxecto Lector do Centro.

4.7.- Promover a utilización das novas tecnoloxías como recurso didáctico.

4.7.1 Facilitar a formación a profesorado e alumnado.

- Solicitar cursos de formación no Centro para facilitar ao profesorado a realización dos mesmos.
- Seguir ampliando o cabreado do Centro para dar acceso a internet as aulas que aínda non o teñen.

4.7.2 Dinamizar o Plan TIC

- Elaborar un catálogo de recursos educativos e dalo a coñecer ao profesorado para aumentar o número de profesoras e profesores que utilicen as TIC no seu labor docente diario.
- Manter a información dos recursos TICs na páxina web e aula virtual do centro.
- Seguir empregando e dando a coñecer ao profesorado a plataforma AGUEIRO (libro vivo do profesorado e documentos do centro) e a plataforma GOOGLE APPS (contas @cpiars.com)

4.7.3 Dinamizar a páxina WEB do Centro.

- Manter esta páxina ao día e facer dela un escaparate do noso Centro (a aula virtual xa está funcionando), instando a que participe a maioría da comunidade educativa.
- Manter en funcionamento os blogues dos diversos equipos: Dinamización Lingüística, Proxecto Abalar, Biblioteca, e de boa parte do profesorado.

4.8.- Potenciar a utilización da lingua galega en todos os ámbitos.

4.8.1 Apoiar o labor do Equipo Dinamización Lingüística.

- Impulsar as reunións periódicas dos membros do equipo e as súas actividades
- Establecer formas de participación do alumnado na proposta de actividades.
- Manter activo o seu blog onde cada vez participan máis membros da comunidade escolar.

4.8.2 Continuar promovendo o uso do galego na vida diaria do Centro.

- Utilizar o galego en todos os documentos oficiais, comunicacións, convocatorias, etc.
- Velar polo cumprimento do Proxecto Sociolingüístico trala incorporación de seccións bilingües.
- Sensibilizar á comunidade educativa respecto ás vantaxes de contar cunha lingua propia.

4.9.- Adaptar os documentos do Centro que o precisen á nova normativa.

- Revisar os documentos que constitúen o PCC
- Dar a coñecer as Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), elaboradas e aprobadas polo Consello Escolar, á comunidade educativa.

ÁMBITO ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN:

4.10.- Continuar coa estrutura organizativa propia do noso centro :

- 4.10.1 Dando a coñecer os horarios do equipo directivo.
- 4.10.2 Planificando as reunións de todos os órganos.
- 4.10.3 Favorecendo a coordinación de todo o profesorado.
- 4.10.4 Mellorar o intercambio de información entre as diferentes etapas educativas.
- 4.10.5 Continuar impulsando a innovación e a mellora continua:
 - Dando a coñecer á CCP e ao Claustro iniciativas de interese .
 - Apoiando proxectos de innovación que redunden en beneficio do Centro.

4.11.- Mellorar a xestión económica do Centro.

4.11.1 Optimizar o reparto de dotacións aos ciclos, departamentos, equipos, ...

- Condicionar as dotacións ao inventario e á xustificación do seu uso nos ciclos e departamentos.

4.11.2 Elaborar un protocolo para establecer as prioridades en canto a investimentos en cada curso.

- Contemplar na PXA os criterios de financiación das actividades complementarias e extraescolares, considerando a posibilidade de colaboración do Concello na financiación de actividades docentes fóra do centro.
- Establecer mecanismos de publicidade dos investimentos feitos polo centro para potenciar un uso razoable e optimizar os recursos.

4.11.3 Elaborar o Plan de Xestión do Centro.

- Recoller as aportacións e propostas da comunidade educativa e os acordos tomados nun documento que sirva para facilitar a xestión económica.

3.2 AS PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

● AS PRIORIDADES DE ACTUACIÓN DAS DINAMIZACIÓNS

Neste centro, en función do horario lectivo e disposición dos diferentes ciclos e departamentos, organizaranse a principios de curso as dinamizacións que podemos levar a cabo, considerando prioritarias as que teñen os recursos precisos, que son:

- Dinamización TIC.
- Biblioteca.
- Dinamización Lingüística.

4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

A xornada escolar en Ed. Infantil e Primaria é xornada continuada de mañá, de 9:30 a 14:30 h. e na ESO é de 9:30 a 14:50h de luns a venres e o luns pola tarde de 16:00 a 17:40h.

Os horarios elaboráronse tendo en conta os seguintes criterios:

- Aproveitamento máximo dos recursos humanos e das instalacións.
- A adaptación do horario á dispoñibilidade das instalacións do centro.
- A compatibilidade dos horarios de Educación Infantil, Primaria, e Secundaria
- O horario lectivo de mañá dividirase :
 - Na ESO en 6 sesións de 50 minutos, e máis a formada polos 2 recreos de 10 minutos.
 - En Primaria en 5 sesións, as 2 primeiras de 1 h. e as 3 restantes de 50 minutos, cun recreo despois das 3 primeiras de 30 minutos.
 - En Infantil 5 sesións cun recreo de 30 min aproximadamente despois das 3 primeiras sesións.
- As reunións do Departamento de Orientación establécense por separado, nunha sesión para Educación Infantil e Primaria, e outra sesión para Secundaria para unha maior operatividade.
- A preferencia de impartir a Educación Física en EI e EP a cursos do mesmo nivel en sesións no mesmo día, e na ESO as dúas sesións semanais consecutivas para cada grupo .
- Reparto de gardas de substitución.
- Coincidencia da sesión de Titoría dos mesmos cursos da ESO, para poder establecer actividades complementarias en conxunto.

Horario non lectivo

- O Centro abrirá dende as 7:30 h ata as 9:15h para levar a cabo o Programa Almorz@res, organizado e xestionado pola ANPA .
- Dende as 9:15h ata as 9:30h haberá profesorado de garda na entrada para atender ao alumnado de transporte escolar.
- As tardes dos luns, os mestres de educación infantil e primaria teñen as titorías de familias e as reunións de coordinación.
- As tardes dos martes, resérvanse para as reunións dos diferentes órganos colexiados: CCP, Claustros, Consello Escolar.
- As tardes dos mércores, para as actividades de formación do profesorado.
- A ANPA organiza diferentes actividades polas tardes no centro: Clases de reforzo de inglés para EI e EP, Hábitos de lectura, e comprensión oral,

Horario de verán:

- Durante o mes de xullo, o centro permanecerá aberto ao público en horario de 9:30 a 13:30h.

5. ASPECTOS CURRICULARES

5.1 OBXECTIVOS:

5.1.1 EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

5.1.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con

discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

o) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

p) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

5.1.3 EDUCACIÓN SECUNDARIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permita:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de

desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

5.2 METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que orientan a actuación do profesorado irán encamiñados á consecución das competencias básicas e son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Basear a tarefa pedagóxica no respecto mutuo e no diálogo.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Desenvolver unha metodoloxía inductivo-deductiva para tratar de desenvolver no alumnado, por un lado a capacidade de comprender e explicar as súas observacións experimentais, e por outro lado a capacidade de análise para relacionar distintos aspectos conceptuais mediante o uso de modelos.
- Garantir a funcionalidade das aprendizaxes, asegurando que poidan ser utilizadas nas circunstancias reais en que o/a alumno/a as necesite.
- Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
- Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.
- Posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes por si mesmo.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para ao alumnado, co fin de que resulten motivadoras.
- Promover a interacción na aula como motor de aprendizaxe.
- Axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os/as alumnos/as.
- Fomentar no alumnado actitudes de curiosidade, crítica e investigación.
- Tratar de que o alumnado aprenda a desenvolver estratexias de aprendizaxe autónomo tales como a planificación, o repaso, o uso de material de referencia e autocorrección ou as novas tecnoloxías.
- Tratar de desenvolver o interese polo traballo cooperativo potenciando as relacións entre grupos o máis heteroxéneos posibles (sexo, orixe, capacidade, etc.).
- Poñer en práctica modelos de avaliación educativa que non contemplan unicamente a cualificación de coñecementos.
- Proporcionar, a través da acción titorial, ao alumnado coñecemento persoal, escolar e vocacional.

5.3 CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Co proceso de avaliación preténdese :

- a) Garantir os medios para que a avaliación do proceso educativo sexa obxectiva e imparcial.
- b) Avaliar a consecución dos obxectivos e contidos previstos en cada unha das programacións.
- c) Avaliar o desenvolvemento das competencias básicas desde un punto de vista transversal, sendo conscientes de que varias áreas van compartir competencias e, polo tanto, faise preciso coordinar ben as estratexias de ensino aprendizaxe.

d) Analizar a acción docente en tódolos aspectos: cumprimento das programacións, dificultades, medios, liña metodolóxica, obxectivos acadados, etc.

e) Realizar unha avaliación de centro na que se analicen os aspectos relativos á xestión dos recursos humanos e materiais (acción titorial, grao de coordinación dos departamentos, equipo de profesorado de ciclo, grao de cumprimento das normas establecidas, equipo directivo, etc.)

Para o noso Centro, eses criterios adecúanse ó disposto na normativa establecida na :

- *Orde do 25 de xullo de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da Educación Infantil (DOG do 10/07/09)*
- *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 110 do 10 de xuño de 2016)*
- *Orde do 21 de Decembro de 2007 pola que se regula a Avaliación na ESO (D.O.G do 070/1/08)*
- *Real Decreto 310/2016, de 29 de julio, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato. (á espera da orde de Galicia)*

5.3.1 EDUCACIÓN INFANTIL

Defínese a **avaliación** como un proceso sistemático, valorativo e de investigación, facilitador do cambio educativo e do desenvolvemento profesional docente, que avalía: ao neno, a labor docente, o propio centro, o sistema educativo, o Currículo, os Proxectos de Centro e as Programacións de aula.

A nosa avaliación céntrase nos catro campos de actuación da mesma:

- O desenvolvemento das capacidades dos nenos (nivel evolutivo).
- O labor docente, a través da programacións de aula, o proxecto educativo e os diferentes plans e programas que recolle.
- As interaccións entre persoas implicadas no proceso, é dicir, o clima socio-afectivo no que se levou a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe.
- As condicións organizativas e os recursos dispoñibles, se dispoñemos de material suficiente e axeitado, se os lugares e tempos nos que transcorre a acción están correctamente distribuídos,...

A técnica básica *para avaliar será a observación directa, continua e sistemática*, rexistrando a observación diaria na aula, onde se anotan as pautas de comportamento ou feitos significativos (analizando os hábitos, rutinas, valores e capacidades alcanzados).

As entrevistas ás familias e o intercambio de información non formal complementarán o proceso avaliativo, para ao final de cada trimestre facer entrega do boletín individual confeccionado co programa XADE da Consellería, onde se reflecta o progreso do alumno.

A avaliación constará de tres fases:

- A **avaliación inicial** realizarase ao inicio de cada curso escolar, para descubrir os coñecementos previos dos alumnos, en relación cos contidos que se van a abordar.
- A **avaliación continua**, a través da observación directa do neno ao longo da xornada, é o instrumento principal que permite coñecer as súas adquisicións, e a realización das modificacións necesarias, que nos leven cara a consecución dos obxectivos establecidos.
- A **avaliación final**, levarase a cabo ao remate do curso escolar, e permite coñecer ao mestre o que aprenderon os alumnos, os aspectos nos que se debe afondar, aqueles que hai que

afianzar, e polo tanto o nivel de consecución dos obxectivos establecidos.

Durante o curso escolar haberá 3 sesións de avaliación nas que as mestras avaliarán os procesos de ensino e a súa práctica docente. As actas de cada sesión (**Anexo I**) serán entregadas polo titor/a á xefatura de estudos no prazo dunha semana unha vez realizada a sesión de avaliación.

5.3.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas.

Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo. Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou alumna non progresa adecuadamente, tan pronto se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquiera os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do ciclo, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación na E. Primaria constará de tres fases:

Avaliación Inicial:

Ao comezo de cada ciclo ou curso, segundo corresponda, a persoa titora realizará a avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias e quedará recollida no **Informe de avaliación inicial**. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Avaliación Continua:

Entendemos a avaliación como un proceso continuo ao longo do curso, onde se avalían non só os resultados, senón tamén e sobre todo o proceso. Este tipo de avaliación ten un carácter orientador e autocorrector do proceso educativo que vai permitir intervir no momento en que se detecte calquera dificultade, modificando se é preciso calquera fase do proceso. Para elo, o profesor/a titor/a ou responsable da área, levará rexistro dos logros acadados polos alumnos/as (tanto individual como colectivamente) e das dificultades atopadas, non só no referido ao currículo senón tamén ao seu desenvolvemento afectivo-social, facendo especial fincapé naqueles aspectos de educación en valores sobre todo no referido á convivencia e á igualdade de xénero

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse para cada grupo de alumnos e alumnas, polo menos, tres sesións de avaliación que serán presididas pola persoa titora, e nas que participará o profesorado que imparte docencia no grupo; poderá contar co asesoramento do departamento de

orientación e a xefatura de estudos. O profesor/a titor/a recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións nas distintas áreas, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e as decisións e os acordos acadados, tanto referidas ao grupo como a cada alumna e alumno.

No proceso de avaliación continua, a cualificación das áreas será decidida pola mestra ou mestre que as imparta. Na área de educación artística, a cualificación será decidida tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto da área.

Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais e que curse as ensinanzas correspondentes á educación primaria con adaptacións curriculares significativas, os criterios de avaliación establecidos nelas serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción.

Nestas sesións de avaliación as mestras e mestres avaliarán os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias básicas.

Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a. A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- b. As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- c. As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d. A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- e. A coordinación entre os mestres e mestras do ciclo e entre os diferentes ciclos e do profesorado do terceiro ciclo co de educación secundaria.

As **actas da sesión (Anexo II)** que recollerán tamén todos estes aspectos mencionados, serán entregadas polo profesor/a titor/a á xefatura de estudos no prazo máximo de tres días unha vez realizada a sesión de avaliación.

Información da avaliación.

Finalizada cada unha das sesións de avaliación, as nais/pais ou persoas titoras legais do alumnado serán informados dos seus resultados, da evolución académica dos seus fillos e fillas, así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.

Será competencia da persoa titora proporcionar esta información, segundo o modelo de documento determinado polo centro, así como a de establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.

Avaliación Final:

Ao remate de cada curso, e durante a última sesión de avaliación, a persoa titora realizará unha avaliación final do grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise da evolución do alumnado e o logro dos obxectivos e competencias básicas.

Os informes de avaliación serán os que se xeran no programa XADE unha vez cubertos polo/a titor/a.

5.3.3 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos. Terá como referentes as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa. Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.

A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

Os resultados da avaliación na educación secundaria obrigatoria expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

Desenvolvemento do proceso de avaliación.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel e contará co asesoramento do departamento de orientación. Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumna e cada alumno en relación co grao de desenvolvemento das competencias básicas e coa consecución dos obxectivos previstos para cada unha das materias e/ou ámbitos e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deban adoptar, sexa de forma xeral ou nalguna das materias, orientadas á mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Avaliación Inicial

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completárase coa información obtida a través da persoa titora.

Será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Preavaliacións , Avaliacións Trimestrais e Ordinaria

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación e 3 de preavaliación. A persoa titora recollerá en **acta e cubrirá no Xade** o desenvolvemento das sesións, as cualificacións das distintas materias e/ou ámbitos, o grao de desenvolvemento das competencias básicas, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno e ao grupo no seu conxunto (**Anexo III**). Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se fose o caso. A última destas sesións poderán coincidir coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Avaliación Extraordinaria

Nos primeiros días do mes de setembro terá lugar unha sesión de avaliación, tras a realización das probas extraordinarias, para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación final ordinaria. Cando un alumno ou alumna non se presente á proba extraordinaria dunha materia, nos documentos de avaliación farase constar «non presentado» (NP). Cando o progreso dunha alumna ou alumno nunha materia non sexa o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. No proceso de avaliación continua a cualificación de cada unha das materias, ámbitos e módulos será decidida polo profesor ou profesora que as imparta.

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presenten dificultades continuadas no seu proceso de aprendizaxe, e que de acordo co artigo 5.f) da Orde do 6 de setembro de 2007, non curse neses anos a materia común de segunda lingua estranxeira, será valorado, de xeito cualitativo, no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo. Nos documentos de avaliación figurará coa mención de exenta/o.

Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Ao final de cada curso o equipo docente deberá elaborar o **Consello Orientador** de cada alumno/a, informe que se obtén da aplicación Xade.

Avaliación do alumnado con necesidade específicas de apoio educativo.

Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con adaptacións curriculares significativas, de acordo co artigo 14.4º do Decreto 133/2007, a avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente.

Una vez rematadas as sesións de avaliación cada departamento, avaliará o proceso de ensinanza e da práctica docente que recollerá en acta (**Anexo IV**) incluíndo os seguintes aspectos (artigo 16 da Orde do 21 de decembro de 2007):

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación didáctica e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos

recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.

- A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso así como entre o profesorado do 1º curso da educación secundaria obrigatoria co equipo de mestres/as da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.

Os resultados desta avaliación serán analizados na comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes.

Os informes de avaliación inicial, continua, ordinaria e extraordinaria serán os que se xeran no programa XADE unha vez cubertos polo/a titor/a.

5.4 CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E DE TITULACIÓN

5.4.1 PROMOCIÓN DE CICLO NA E. INFANTIL

No ano no que cumpre os 6 anos o alumnado de E. Infantil promocionará a E. Primaria, aínda que poderá permanecer un ano máis no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais co acordo da familia e previo informe do Departamento de Orientación (D.O.).

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal nos termos que determine a Administración educativa, con carácter excepcional poderá flexibilizarse de modo que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa da educación primaria, cando se prevea que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización co acordo da familia e previo informe do D.O..

5.4.2 PROMOCIÓN DE CURSO E ETAPA NA E. PRIMARIA

Ao remate de cada un dos cursos e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.

O alumnado promocionará ao curso seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao curso seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso. Neste caso, adoptaranse as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos termos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

5.4.3 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA PARA O ALUMNADO DE 6º DE EP.

Segundo a *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e* aprobados os criterios de concesión da **Mención Honorífica para alumnado de 6º de EP pola CCP** o 30 de xuño de 2017 :

1. A proposta de Mención Honorífica concederáse ao alumnado con rendemento académico excelente.
2. Esta mención farase constar no Xade e na acta de avaliación de titoría.
3. No caso de que dous ou máis alumnos/as obteñan as mesmas notas (Sobresalientes) nunha ou máis materias, terase en conta a efectos de desempate o seguinte:
 1. Maior nº de sobresalientes
 2. Maior nº de notables.
 3. Maior nº de bens
 4. Maior nº de suficientes.
 5. O equipo docente decide.

5.4.4 PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

- ◆ *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- ◆ *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo de ESO e de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

PROMOCIÓN E REPETICIÓN NA ESO

- ◆ As decisións sobre promoción e titulación serán adoptadas por consenso no seno do equipo docente responsable da avaliación, por parte do profesorado que imparte algunha materia ao alumnado.
- ◆ A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades do alumnado.
- ◆ Os alumnos/as promocionarán de curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en 2 materias como máximo.
- ◆ Repetirase curso con avaliación negativa en 3 ou máis materias , ou en 2 materias que sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.
- ◆ De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción do alumnado con avaliación negativa en tres materias cando se den certas condicións:
 - ◆
 - a- Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas.
 - b-Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.
 - c-Que se apliquen ao alumno/a as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

- ◆ Poderá tamén autorizarse de forma excepcional a promoción dun alumno/a con avaliación negativa en 2 materias que sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea cando o equipo docente considere que o alumno/a pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación, que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre se lle aplicarán as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.
- ◆ As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de ESO, consideraranse como materias distintas.
- ◆ Quen promocióne sen superar todas as materias seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.
- ◆ Poderase repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º ESO, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos cumpridos no ano no que finalice o curso).
- ◆ Excepcionalmente, poderase repetir unha segunda vez en 4º ESO se non se repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- ◆ Un alumno/a de 1º/2º ESO que deba repetir e curse 2LE, ofertaráselle a exención.

A repetición de curso deberá ir acompañada dun plan específico personalizado orientado a superar as dificultades detectadas no curso anterior. hora de considerar o número de materias para os efectos de promoción ao seguinte curso académico

O alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.

Para o alumnado con altas capacidades poderase flexibilizar a duración da etapa nas condicións que establece a normativa vixente.

O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa. Excepcionalmente, unha alumna ou alumno poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu en cursos anteriores desta etapa.

5.4.5 CRITERIOS DE TITULACIÓN EN E.S.O.

- Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria será preciso:
 - Ter superadas todas as materias cursadas.
 - Así mesmo, aquel alumno/a que, tralas probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias que non sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea e, excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente do grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediou alcanzar as competencias básicas e os obxectivos de etapa.
 - Para os efectos de titulación, computaranse como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores.

5.4.6 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA PARA ALUMNADO DE 4º ESO

Resolución 9 de xuño da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas para a aplicación do Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño.

Aprobados pola CCP o 30 de xuño de 2017.

- En 4º curso de ESO o alumnado con nota media na etapa de 9 ou superior será proposto para Matrícula de Honra (MH) nunha porcentaxe non superior ao 5%, segundo a lexislación vixente.
- A cualificación de MH consignarase no Xade e mediante unha dilixencia específica no expediente académico do alumno/a.
- No caso de que dous ou máis alumnos/as obteñan a mesma nota media, terase en conta a efectos de desempate o seguinte:
 1. Maior nota media en 4º ESO.
 2. Maior nota media en 3º ESO.
 3. Maior nota media en 2º ESO.
 4. Maior nota media en 1º ESO.

5.4.7 RECLAMACIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS

De acordo coa lexislación vixente, os alumnos e alumnas ou os seus pais ou titores legais, poderán presentar reclamación contra as decisións e/ou cualificacións adoptadas en cada área como resultado do proceso de avaliación realizado, ao finalizar cada ciclo de Educación Primaria ou cada curso de Educación Secundaria, mediante o **procedemento** establecido nas **Normas de Organización e Funcionamento do centro**.

5.5 CRITERIOS PARA SELECCIÓN E USO DE RECURSOS

Os recursos son útiles para favorecer a aprendizaxe do alumnado e permiten un bo desenvolvemento da tarefa docente.

É importante diferenciar os que son do uso do profesorado e os que o son do alumnado. Os primeiros deben servir para orientar o proceso de planificación do ensino.

Para elixir os **materiais dirixidos ao alumnado** deben terse en conta estes criterios:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso común.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Que sexan axeitados ao alumnado ao que van dirixidos.
- Que cumpran as normas de seguridade que esixe o seu manexo.
- A súa resistencia e duración.
- Que estimulen o interese e a motivación do alumnado
- Que favorezan o desenvolvemento das capacidades nas distintas áreas do proceso de aprendizaxe.
- Que avalíen os coñecementos e as habilidades do alumnado.
- Que favorezan contornas para expresión e creación.

Para a elección e uso dos distintos tipos de **recursos os docentes** debemos ter en conta:

- Os obxectivos perseguidos, xa que a selección de medios e estratexias debe realizarse en función

destes.

- Os contidos que se desexan transmitir. Dependendo da súa natureza, serán máis factibles de poder ser transmitidos por uns medios determinados.
- As características e necesidades do alumnado cos que os imos utilizar. Teremos en conta o nivel de coñecementos, idade,...
- O custo, tanto material como de tempo, e o esforzo necesario para o uso e manexo do medio.

TIPOS DE RECURSOS DIDÁCTICOS

Convencionais:

- Impresos: libros (do alumnado, da biblioteca de aula, da biblioteca do centro), fotocopias, revistas, xornais,...
- Encerado
- Material de psicomotricidade.
- Xogos de linguaxe, comprensión e lóxica-matemática.
- Xogos simbólicos.
- Outros xogos e materiais manipulativos: crebacabezas, poliedros, regletas, parchís, dominó, xogos de moedas, tabú, pictionary,...
- Material de refugallo: cartolinas, pinturas, rotuladores, xices, papel continuo, de celofán,...
- Materiais de laboratorio.
- Materiais audiovisuais: vídeo, televisión, DVD, cintas de vídeo.
- Materiais auditivos: instrumentos musicais, casete
- Materiais visuais imaxes fixas proxectables: diapositivas, transparencias, murais, mapas, fotografías...

Novas tecnoloxías:

- Programas informáticos (CD ou on-line) educativos: videoxogos, actividades de aprendizaxe, presentacións multimedia, enciclopedias, animacións e simulacións interactivas,...
- Servizos telemáticos: páxinas web, correo electrónico, chats, foros, weblogs, aula virtual, cursos on-line,...
- Internet e vídeos interactivos.

5.6 ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluírá, necesariamente, os seguintes aspectos:

EDUCACIÓN INFANTIL:

1. Introducción e contextualización da programación.
2. Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas.
3. Obxectivos.
4. Secuencia de contidos.
5. Avaliación:
 - 5.1 Criterios de avaliación.
 - 5.2 Procedementos de avaliación.
 - 5.3 Instrumentos de avaliación.

6. Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador
7. Materiais e recursos didácticos
8. Actividades complementarias e extraescolares
9. Medidas de atención á diversidade
10. Concreción do plan de convivencia
11. Concreción do plan das tecnoloxías da información e da comunicación para o ciclo.
12. Procedementos para avaliar a propia programación

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1. Introducción e contextualización
2. Obxectivos
3. Contidos
4. Contidos mínimos esixibles
5. Avaliación
 - 5.1 Criterios de avaliación con referencia ás competencias básicas
 - 5.2 Procedementos de avaliación
 - 5.3 Directrices e instrumentos para realizar a avaliación inicial
 - 5.4 Criterios de cualificación
6. Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador
7. Materiais e recursos, incluídos os libros de texto
8. Actividades de recuperación e reforzo para lograr a dita recuperación.
9. Actividades complementarias e extraescolares
10. Medidas de atención á diversidade
11. Adaptacións curriculares
12. Programación da educación en valores
13. Accións de contribución ao proxecto lector do centro
14. Accións de contribución ao plan TIC
15. Accións de contribución ao plan de convivencia
16. Accións de contribución ao proxecto lingüístico
17. Procedementos para avaliar a propia programación.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Cada departamento elaborará a programación das ensinanzas que ten encomendadas, agrupadas nas etapas correspondentes, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica. Esta programación incluirá, para cada unha das áreas, materias ou módulos, se é o caso, asignados a el ou integrados nel, os aspectos seguintes:

1. Introducción e contextualización
2. Contribución das materias ao logro das competencias clave.
3. Concreción Obxectivos.
4. Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe por Curso asociados coas Competencias Clave
5. Concreción para cada Estándar de Aprendizaxe avaliable da Temporalización, Grao mínimo de consecución para superar a materia.
6. Avaliación
 - 6.1 Criterios de avaliación en relación coas competencias clave
 - 6.2 Procedementos e instrumentos
 - 6.3 Procedementos para a realización da avaliación inicial
 - 6.4 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:
 - ◆ Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
7. Metodoloxía .
8. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto
9. Programas de reforzo e recuperación
10. Plans de traballo para superación de materias pendentes
11. Procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria
12. Programación correspondente aos temas transversais.
13. Medidas de atención á diversidade
14. Actividades complementarias e extraescolares
15. As accións de contribución ao proxecto lector.
16. As accións de contribución ao plan de integración das TICs.
17. Accións de contribución ao plan de convivencia
18. Os procedementos para avaliar a aplicación da propia programación.
 - ◆ Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
 - ◆ Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

5.7 A CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS

O profesorado programará a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ao que pertenza, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que alguén decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación e a xustificación correspondente incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, departamento ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Cada departamento ou ciclo elaborará a programación das ensinanzas que ten encomendadas, agrupadas nas etapas correspondentes, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

6. O TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTRAS ENSEÑANZAS.

Por *temas transversais* entendemos aqueles contidos que impregnan toda a actividade educativa; é dicir, abórdanse ao longo de toda a etapa e en case todas as unidades didácticas e rutinas diarias, tendo unha continuidade coa etapa posterior.

A educación integral do alumnado e as expectativas da sociedade coinciden en demandar un currículo que non se limite tan só aos contidos académicos, senón que inclúa tamén a adquisición de habilidades prácticas e a asunción de valores para a vida e a convivencia desde os primeiros anos escolares, como aspectos indispensables para o desenvolvemento da persoa. Quedando así xustificada a inclusión no currículo da educación en valores.

Entendemos a acción educativa nun sentido amplo, formando parte dela a educación en valores, que debe impregnar todo o currículo. Trátase de sensibilizar e concienciar ao alumnado en determinados temas, todos eles de notable relevancia e de darlle a estes valores unha forte dimensión insertándoos nas tarefas docentes e educativas.

6.1 INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES NA EDUCACIÓN INFANTIL

Na Educación Infantil márcanse os seguintes obxectivos:

- *Educación moral e cívica e Educación para a convivencia.* Fomentar a resolución de conflitos de forma autónoma.
- *Educación para a paz.* Concienciación sobre os males que acarreen as guerras, a través de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas e grupos sociais.
- *Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.* Preténdese a educación para o respecto entre nenos/as de ámbolos dous sexos. A Constitución Española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas, con todo, unha parte da sociedade segue sendo

machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito.

- *Educación para a saúde e a calidade de vida.* Adquirir hábitos básicos de coidado da saúde. Na escola hai que crear desde a infancia uns hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- *Educación viaria.* Aceptación das normas básicas de circulación viaria e de comportamento nos transportes públicos. O coñecemento e utilización da vía pública é de gran importancia polo que a súa educación ten que ter unha continuidade na escola.
- *Educación ambiental.* Adquirir actitudes de respecto e coidado do Medio Ambiente. Debe fomentarse a participación solidaria persoal cara aos problemas ambientais que están degradando o planeta a un ritmo preocupante.
- *Educación do consumidor.* Actitude de atención crítica ao contido e á calidade dos produtos máis que aos reclamos publicitarios. É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análise cara ao exceso do consumo de produtos innecesarios.

6.2 INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES NA EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA.

Para levar a cabo esta educación en valores propoñemos:

1. Saídas ao entorno para conciencialos no respecto polo medio ambiente e polo entorno natural.
2. Xogos que lles axuden a respectar o cumprimento de normas e aprender posturas saudables (pódense traballar nas áreas de Educación Física e Educación Musical).
3. Participar en proxectos que incentiven estes valores como: obradoiros de habilidades sociais, proxectos relacionados co medio ambiente...
4. Asistencia a obras de teatro que traten estes temas.
5. Traballar a educación vial.
6. Facer actividades en grupo en tódalas áreas para mellorar a participación, organización e colaboración cos compañeiros e unha mellor integración de moitos alumnos na clase.
7. Facerlles ver aos alumnos que o diálogo é a mellor vía para a resolución de conflitos que xorden nos recreos, nos corredores...
8. Lectura de artigos de xornais que traten todos estes temas (educación para a saúde, coeducación e educación medioambiental entre outros) para potenciar nos alumnos a curiosidade e o coñecemento dos mesmos.
9. Debemos incidir na importancia dos seguintes aspectos:
 - Levar unha alimentación adecuada e responsable (educación para a saúde).
 - Traballar para que sexan conscientes das súas responsabilidades como consumidores (educación no consumo e educación para a conservación da natureza).
 - Incidir na conservación dos recursos naturais (educación ambiental).
 - Considerar aos maiores (educación moral e cívica).
 - Desenvolver actitudes que defendan a sociedade intercultural e multirracial (educación intercultural).
 - Afianzar actitudes e hábitos de aforro enerxético (educación ambiental).
 - Aconsellalos para mellorar a hixiene e a saúde (educación para a saúde).
 - Axudarlles a medrar sen os prexuízos que danen a incorporación das mulleres a moitos ámbitos da vida (educación para a igualdade).
 - Pretendemos que o alumno non só teña a oportunidade de formularse e analizar as cuestións

anteriores senón que chegue a adquirir sobre as mesmas determinadas actitudes que contribúan á súa formación integral e tratar de mellorar a realidade que nos tocou vivir.

O ensino nos valores dunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos destas etapas educativas e nos específicos de cada unha das súas distintas áreas de coñecemento. De feito, estes valores cívicos e éticos intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo. Cobra especial importancia desterrar uns usos da linguaxe que manifesten prexuízos raciais, sexistas ou clasistas, fundamentalmente, así como fomentar o respecto pola realidade plurilingüe e pluricultural de España e polas variedades lingüísticas ou diferentes rexistros que poden darse en distintos colectivos sociais (sobre todo, nunha comunidade bilingüe como esta, con dúas linguas oficiais). Non debe esquecerse que a linguaxe, como instrumento de representación da realidade, pode ir asociada a estereotipos ou prexuízos culturais sobre determinados colectivos sociais, razón pola que se debe insistir en evitalos.

En definitiva, sempre se tratará de fomentar actitudes positivas entre o alumnado, sobre todo, a tolerancia e liberdade de expresión dentro dun marco de respecto para os semellantes.

Cada departamento ou ciclo recollerá na súa programación o tratamento transversal da educación en valores e outras ensinanzas ao principio de cada curso escolar.

Ao final de cada curso recollerán na súa memoria a avaliación deste tratamento.

7. A FORMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.1 LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Realizar a avaliación inicial nos ciclos e cursos nos que é preceptivo.
- Propoñer as medidas ordinarias de atención á diversidade na aula.
- Desenvolver as medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- Coordinar os apoios que prestan o profesorado de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe e os departamentos.
 - Elaborar unhas liñas de actuación do profesorado co alumnado repetidor.
 - Elaborar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que, a xuízo dos titores, xuntas de avaliación , ou do equipo directivo, o precise.
 - Realizar as entrevistas pertinentes coas familias do alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade que sexa derivado ao departamento de orientación.
 - Manter contactos cos Servizos Sociais do Concello en tarefas de prevención e de atención ao alumnado desfavorecido socialmente.
 - Colaborar co Plan de mellora da seguridade escolar do Ministerio do Interior.

7.2 CRITERIOS E PROCEDIMENTOS PREVISTOS PARA ORGANIZAR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa as diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan de Atención Xeral á Diversidade.

Neste centro priorízanse como medidas ordinarias as seguintes:

7.2.1 OS DESDOBRES.

Sempre que as posibilidades do centro o permitan priorízase a división de grupos. Un menor número de alumnos por aula permite unha atención máis individualizada e a diminución de problemas de disciplina.

7.2.2 REFORZOS EDUCATIVOS.

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade, que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir:

- Á secuencia de contidos.
- Ás formas e instrumentos de avaliación.
- Á organización da aula.
- Aos agrupamentos do alumnado.
- E a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

Esta medida permite ao profesorado adaptarse aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

As medidas de reforzo educativo non supoñen necesariamente medidas extraordinarias nin necesitan de autorización para ser levadas a cabo, e realízanse segundo se establece a continuación:

- Están dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe.
- Son elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno/a necesita reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunícallo ao equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.
- O seu desenvolvemento lévase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais.
- As medidas de reforzo reflíctense no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Fanse constar cun comentario no informe correspondente ás familias.

Neste centro priorízanse como medidas extraordinarias as seguintes:

7.2.3 APOIO ESPECIALIZADO.

Contamos no centro con dous profesores de apoio, especialistas en Pedagogía Terapéutica e cunha especialista en Audición e Linguaxe.

A súa intervención comeza cando as necesidades educativas dalgúns alumnos e alumnas requiren da adopción dunha serie de actuacións, tanto de carácter pedagóxico, curricular e organizativo como

relativas á utilización de recursos específicos, que difiren das habituais. Esta medida debe ser informada e aceptada pola familia.

Os criterios xerais de actuación deste profesorado son os seguintes:

- Os apoios priorizaranse nos primeiros cursos de Educación Primaria.
- Os apoios faranse, preferentemente nas aulas ordinarias. Cando se considere necesario realizaranse ou ben na aula de apoio ou ben combinando as dúas posibilidades. No caso da especialista en Audición e Linguaxe a intervención terá lugar na aula de A.L. e sempre, que sexa posible e conveniente para o alumno, de forma individualizada.
- A organización dos apoios realizarase tendo en conta a información do profesorado sobre o alumnado con NNEE recibida polo Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos.
- A organización dos apoios así como os horarios serán flexibles e suxeitos a modificacións, sempre que se considere necesario para un mellor rendemento do alumno/a ou pola incorporación de novo alumnado á aula de apoio.
- A organización dos apoios así como os horarios elaboraranse conxuntamente entre a orientadora, o profesorado de apoio implicado e a Xefatura de Estudos, tendo en conta as características do alumno e as posibilidades do centro para atender ao maior número de necesidades educativas posibles.
- Procurarase que a coordinación dos profesores e os especialistas de Pedagogía Terapéutica, e Audición e Linguaxe sexa o máis efectiva posible a través de reunións periódicas.
- Os profesores especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe intervirán nas sesións de avaliación e en todas as reunións relativas ao alumnado co que traballa.

O alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

Os **programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas** estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas para o curso que corresponda, e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

7.2.4 ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Ao longo da escolarización obrigatoria poderanse realizar adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

8. A ACCIÓN TITORIAL

8.1 LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

● Entendemos a titoría e a orientación do alumnado, como unha tarefa de todo o profesorado e, por iso, como algo que abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor titor co seu grupo ou na comunicación coas familias e o resto do profesorado, como aquelas que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de ensino-aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

● A titoría, como primeiro nivel de orientación, ten como fins fundamentais:

- a. Favorecer a educación integral do alumno ou alumna como persoa.
- b. Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades do alumno ou alumna.

● Para favorecer a consecución destes fins, é preciso traballar e articular os seguintes recursos:

1. O traballo do profesor-titor
2. A actuación coordinada do equipo de profesores.
3. O apoio do departamento de Orientación.
4. A función educativa que corresponde a cada profesor ou profesora.
5. A cooperación das familias.

● **CRITERIOS PARA A DESIGNACIÓN DE TITORES:**

1. Cada grupo de alumnado terá un titor/a.
2. As titorías serán designadas polo director/a, por proposta do xefe/a de estudos, entre todos os profesores/as que imparten docencia no grupo.
3. En E. Infantil o titor/a impartirá unha parte importante do horario lectivo no grupo e procurarase que o mesmo titor/a permaneza co mesmo grupo de alumnos/as durante os 3 cursos
4. En E. Primaria co obxecto de respectar o dereito de cada grupo de alumnado a manter o mesmo titor durante dous cursos, este dereito entenderase referido 1º/2º, 3º/4º e 5º/6º
5. Na designación de titores/as de ESO, procurarase que a designación recaia no profesor/a:
 - 1.- Que teña maior número de horas de docencia no grupo
 - 2.- Terase en conta a carga horaria do profesorado.
 - 3.- Unha vez asignado o titor/a para cada grupo, no caso de existir profesores/as dispoñibles poderanse nomear titores/as de grupos específicos de alumnos/as (por exemplo que promocionaran sen acadar os obxectivos, repetidores/as, con materias pendentes...).

As funcións de titores e titoras están recollidas no artigo 32 do Decreto 7/99, no que se establece o regulamento orgánico dos C.P.I.

● **CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN DOS GRUPOS DE ALUMNADO.**

- a) Os diferentes grupos de alumnado realizaranse tendo en conta a orde alfabética dos apelidos, agás casos excepcionais que decide o equipo directivo, oído se é o caso, o departamento de

Orientación.

- b) Nos grupos onde haxa alumnado con NEE procurárase reducir o nº de alumnado.
- c) Como medida excepcional, a petición por escrito á Dirección do centro por parte das familias, poderanse separar aos irmás para que non coincidan na mesma clase.
- d) Unha vez establecidos os grupos, procurárase manter a distribución nos cursos posteriores, sempre que a organización do centro o permita.
- e) Cando se incorpore un alumno/a co curso empezado, integrárase no grupo con menos alumnos/as e, de non haber diferenzas, seguiranse os criterios establecidos, agás excepcións.
- f) No caso de alumnos/as que permanezan un ano máis no curso, estudarase cada caso individualmente, atendendo tanto a criterios organizativos como pedagóxicos: características individuais do alumno/a, tanto a nivel emocional e afectivo como a nivel académico.
- g) Todos estes aspectos serán valorados polo Departamento de Orientación e a Dirección do centro, unha vez oídos os titores/as do curso anterior.

● **RESPONSABILIDADES DE TODO O PROFESORADO NA ACCIÓN TITORIAL**

Todo o profesorado debe contribuír á acción titorial:

- a) Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a na súa materia.
- b) Atendendo as necesidades educativas específicas de cada alumno/a na súa materia.
- c) Aplicando as medidas de atención á diversidade seguindo as liñas establecidas na súa programación didáctica.
- d) Orientando ao alumnado sobre a mellor maneira de abordar a aprendizaxe da materia e explicando os criterios de avaliación.
- e) Favorecendo a seguridade e autonomía dos alumnos e alumnas.

8.2 COMPROMISOS EDUCATIVOS FAMILIA/PROFESORADO/ALUMNADO.

Os titores e demais profesorado disporán dunha hora semanal para atender individualmente ás familias co fin de canalizar demandas, intercambiar información sobre aspectos relevantes do proceso de aprendizaxe e promover a cooperación na adopción de medidas correctoras.

Neste centro:

a. A principio de cada curso escolar cada titor ou titora manterá unha reunión informativa coas familias do alumnado do seu grupo, para tratar asuntos organizativos do curso que comeza.

b. O profesorado planificará as entrevistas coas familias dentro do horario de atención semanal previsto para tal fin.

c. Recibirán información trimestral sobre o proceso educativo de seus fillos e fillas. Na ESO despois das preavaliacións informarase ás familias no caso de detectar algún cambio significativo.

d. No mes de maio ou xuño, farase unha reunión para explicar as posibilidades académicas de cara ao próximo curso. Estas reunións irán dirixidas a 6º Educación Infantil, 6º Educación Primaria, 2º, 3º e 4º da ESO.

e. En todo momento o profesorado terá informadas ás familias sobre as incidencias na asistencia a clase dos seus fillos e fillas. É compromiso das familias a xustificación de faltas de asistencia.

(Ver Plan Acción titorial- ANEXO V)

9. MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

O ingreso na escola supón para o neno/a un gran cambio. A separación neno-familia e de como se resolvan as primeiras experiencias, dependerá a visión que cada neno/a se forme sobre o colexio e influirá na súa actitude cara á escola, incidindo no seu proceso de socialización e nas súas aprendizaxes.

Así, consideramos o período de adaptación un intervalo temporal que os alumnos/as precisan para assimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporarse ao centro escolar.

Para programar o período de adaptación do alumno/a consideramos que é importante ter en conta:

- A incorporación, debido a súa complexidade, debe ser un proceso paulatino e dilatado no tempo.
- Durante o proceso débese recoller a maior cantidade posible de información que nos permita adecuar o proceso ao ritmo e ás características persoais de cada un.

Os obxectivos que queremos conseguir co período de adaptación son os seguintes:

- Diminuír a tensión, medo, angustia e ansiedade creados polo cambio de situación.
- Conseguir que adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu desenvolvemento.
- Favorecer a adaptación persoal e grupal e a resolución positiva do conflito de separación dos nenos/as que acoden por primeira vez ao centro.
- Potenciar a colaboración e un mellor coñecemento entre pais, profesorado e centro.
- Colaborar na formación dos pais/nais acerca da etapa evolutiva na que están o seus fillos/as.

Para conseguir estes obxectivos levaremos a cabo as seguintes medidas:

- No mes de xuño realízase unha reunión informativa coa orientadora, xefa de estudos, coordinadora de Infantil e as familias onde se lles informa sobre a etapa na que va a entrar os seus fillos/as.
- Nese mesmo mes haberá unha reunión individual entre a orientadora e as familias acompañadas polo alumno/a. Nesta primeira entrevista, recollerase información que quedará por escrito, sobre aspectos familiares, lingüísticos, de saúde, hábitos...
- Os primeiros días de setembro farase unha reunión do equipo de ciclo de educación infantil, para organizar o período de adaptación e elaborar a lista de distribución dos alumnos/as nas aulas.
- Convocarase a unha reunión ás familias dos alumnos/as de 3 anos. Nela facilitaráselle pautas concretas referidas ao período de adaptación dos nenos/as e distribuirase o horario para a incorporación do alumnado ás aulas.
- Ao longo do mes de setembro, cada titor/a terá unha entrevista individual coas familias.

A distribución horaria e dos grupos durante o período de adaptación adecuarase ao prazo establecido no calendario da Consellería de Educación e á matrícula do curso escolar:

- Na primeira semana entrarán en grupos pequenos, para que a súa incorporación sexa máis fácil, permanecendo no centro dúas horas. Cada día irán incrementando o nº de alumnado ata completar o grupo.
- Na segunda semana irán aumentando o horario de permanencia ata acadar o horario completo.

Cos datos recollidos durante o período de adaptación farase unha avaliación do proceso para melloralo se fose conveniente.

10. ESTRATEXIAS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO

MESMO CURSO

10.1 EDUCACIÓN PRIMARIA

A lei contempla a posibilidade para o alumnado de Educación Primaria de permanecer un ano máis na etapa. Esta prolongación da escolaridade pode decidirse en todos os cursos.

Trala decisión de permanencia un ano máis no curso adoptada polo equipo de profesores/as adoptaranse as seguintes medidas:

- A principio de curso na distribución dos grupos terase en conta o alumnado repetidor. A decisión da ubicación do alumnado será tomada polo xefe de estudos de Educación Primaria co asesoramento do departamento de orientación.
- Unha vez asignados a un grupo o profesor titor/a incorporará a súa programación un programa específico de traballo co alumnado repetidor no que se contemplan polo menos:
 1. Pautas ou actividades que favorezan a integración destes alumnos/as ao grupo.
 2. Avaliación inicial. Tendo en conta as características específicas e os informes dos titores anteriores, contemplarán na súa programación obxectivos, actividades, metodoloxía e modelos de avaliación específicos para este alumnado.
 3. Contactos coa familia.
 4. Os titores/as xunto co departamento de orientación e o xefe de estudos avaliarán as necesidades de recibir apoio por especialistas de PT e AL.

10.2 EDUCACIÓN SECUNDARIA

Na ESO o alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa. Excepcionalmente, o alumnado poderá repetir unha segunda vez o cuarto curso se non repetise nos cursos anteriores. Cando a segunda repetición teña lugar no último curso da etapa, poderase prolongar a escolarización ata os dezanove anos.

As medidas específicas co alumnado repetidor serán:

- Asignación a un grupo: levarase a cabo polo xefe/a de estudos de ESO co asesoramento da orientadora do centro e o informe dos titores/as anteriores.
- Unha vez asignados a un grupo o profesor/a titor e os profesores/as de cada área contemplarán na súa programación obxectivos, actividades, metodoloxía e modelos de avaliación específicos para este alumnado.

Ademais o titor/a co asesoramento do departamento de orientación realizará actividades de tutoría tendentes a integración deste alumnado no grupo. O titor/a solicitará, de consideralo necesario, ao xefe/a de estudos e ao departamento de orientación o apoio deste alumnado por parte do profesorado especialista ou polo profesorado que teña dispoñibilidade horaria.

11. ATENCIÓN EDUCATIVA PARA O AUMNADO DE EI QUE NON OPTA POLA RELIXIÓN.

Segundo o establecido no Decreto 330/2009, no Decreto 130/2007 e no Decreto 133/2007, pasamos a relacionar as medidas a adoptar para o alumnado que non opta pola materia de relixión.

Cando os grupos non estean conformados por alumnado coa mesma opción (relixión, atención educativa), permanecerá na aula aquel alumnado que conforme a opción maioritaria, debendo desprazarse a outro espazo o alumnado que en menor proporción conforma o grupo.

OBXECTIVOS.

- Contribuír ao desenvolvemento integral da persoa, dende un punto de vista emocional, afectivo e social.
- Afondar no autocoñecemento persoal.
- Coñecer e respectar distintas culturas e formas de vida.
- Usar distintas fontes de información.
- Coñecer o entorno próximo.
- Fomentar no alumnado a valoración positiva de hábitos persoais (hixiene, autocrítica...) e sociais (respecto, tolerancia, solidariedade, convivencia...), e dotalos das habilidades básicas para poñelos en práctica e defender o seu uso.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Coa atención educativa contribúese á **competencia social e cidadá** xa que se fomenta a formulación de preguntas, a observación, a análise,... de temas relacionados coa sociedade actual. Ao mesmo tempo xa se traballan destrezas relacionadas con diferentes competencias (competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, etc) que é necesario adquirir se o obxectivo é a formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida social.

A materia de atención educativa, a través da educación afectivo emocional, contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia de **aprender a aprender**, porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas.

Desde a atención educativa, poténciase tamén o desenvolvemento da competencia básica **autonomía e iniciativa persoal**, xa que a reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións, posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e **competencia dixital**.

A atención educativa permite tamén mellorar a **competencia cultural e artística**, porque podemos usar diferentes códigos artísticos para presentar os traballos que se poden ir facendo.

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ACTIVIDADES E EXEMPLOS DAS MESMAS

Os criterios que se seguirán á hora da escolla do traballo a realizar nos distintos niveis resúmense en:

- Que se ataña á legalidade vixente.
- Que teñan unha dose de contido.
- Que centre a súa actividade nos alumnos e alumnas.

- Que aporte un aproveitamento educativo.

As actividades poderían vertebrarse en torno a estes eixes:

1. Narracións orais na que se recupera a tradición de escoitar historias.
2. Realización de tarefas de apoio na biblioteca escolar: realización de rótulos ou decoracións, forrado e coidado de libros, montaxe de exposicións temporais.
3. Realización de ciclos de cine xirando, por exemplo, ao redor dun núcleo temático adaptado á idade dos alumnos. Ao redor da proxección da película pódense realizar diferentes actividades.
4. Coñecemento dos xogos tradicionais e populares da zona.

METODOLOXÍA E RECURSOS.

A metodoloxía será variada, combinando as técnicas de traballo individual e grupal, e buscará en todo momento o papel activo e crítico do alumnado, tanto na busca de información como na súa elección e tratamento: é importante que saiban traballar na consecución dun mesmo fin, sabendo que cada individuo e cada grupo pode facer a súa aportación peculiar.

Os recursos empregados serán diversos: fotocopias, información extraída de Internet, obras literarias, audicións musicais, DVD, prensa, enciclopedia, programas informáticos... Tamén se poderán usar páxinas webs onde se poden atopar moitos materiais á hora de planificar estas clases.

AVALIACIÓN DA ATENCIÓN EDUCATIVA.

A avaliación da atención educativa nunca se realizará dun xeito “curricular”, pero si esixe algún criterio de control e autoavaliación, tanto por parte do alumnado como do profesorado.

Para isto, cómpre que se reflexione sobre os seguintes aspectos:

- Non interesa só o produto, senón tamén o proceso.
- Valorarase o interese e implicación do alumnado.
- Valorarase a capacidade creativa e reflexiva.
- Valorarase a iniciativa persoal e a capacidade de traballar en grupo.

12. SECCIÓNS BILINGÜES

12.1 Obxectivos e medios previstos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe.

Na actualidade están concedidas seccións bilingües, en 5º e 6º de Primaria na materia de Educación Artística (Plástica) e na ESO nas materias de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química que funcionarán dependendo do alumnado que as solicite e da dispoñibilidade do profesorado .

Os obxectivos a acadar serán:

No Ámbito pedagóxico

- 1.- Promover a ensinanza bilingüe en base a criterios de calidade.
- 2.- Desenvolver e aplicar tarefas para a aprendizaxe bilingüe que se adecúen lingüística e cognitivamente.
- 3.- Avaliar as prácticas e materiais utilizados seguindo indicadores de calidade .

No Ámbito educativo

Obxectivos xerais

- 1.- Fomentar o emprego do inglés como vehículo de comunicación fóra da clase de lingua inglesa.
- 2.- Fomentar a interdisciplinabilidade.
- 3.- Reforzar a aprendizaxe do inglés coma lingua estranxeira básica para a comunicación entre xentes de diferentes países .
- 4.- Proporcionar ao alumnado as estratexias necesarias para enfrontarse a situacións da vida cotiá, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías e na informática.
- 5.- Fomentar o encontro intercultural e potenciar condutas en favor da tolerancia e respecto cara outras culturas que sirvan, de forma comparativa, para valorar a cultura propia.
- 6.- Desenvolver o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.
- 7.- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente diferentes.
- 8.- Mellorar a capacidade cognitiva do alumnado e da calidade da educación:
 - a) Aumentar o nivel de comprensión e aprendizaxe de contidos.
 - b) Mellorar as habilidades de aprendizaxe.

Obxectivos lingüísticos

- 1.- Mellorar a competencia lingüística comunicativa en lingua estranxeira (LE) a través do uso oral na materia de Plástica en Primaria e a través do estudo das CCNN na ESO.
 - a) Incrementar o contacto dos estudantes coa LE a través de exercicios significativos contextualizados.
 - b) Utilizar de xeito comunicativo a LE, elaborando mensaxes en dita lingua de maneira apropiada á súa intención comunicativa.
- 2.- Favorecer a adquisición dunha competencia lingüística en LE orientada cara o mundo laboral.
- 3.- Adquirir a capacidade de comunicarse oralmente no ámbito da Plástica en Primaria e oralmente e por escrito de forma eficaz no ámbito das CCNN na ESO.
- 4.- Adquirir a independencia suficiente para acceder a novas fontes de coñecemento e utilizar novas tecnoloxías da información en lingua inglesa.
- 5.- Ler diferentes tipos de textos coa fin de facilitar o acceso a fontes de información variadas e poder resolver así situacións de aprendizaxe de forma autónoma.

12.2 Metodoloxía

Para conseguir eses obxectivos utilizaremos:

- Un conxunto de modalidades de comunicación que aclaren e reforcen a comprensión das mensaxes na LE, como repeticións, simplificacións, reformulacións, exemplificacións, cambio de código (recurso á lingua materna), xestos, recursos visuais (ilustracións, gráficos, esquemas, recursos multimedia), recursos auditivos e, por suposto variacións no volume de voz, entoacións... .
- A diversidade de estilos de aprendizaxe mediante a ensinanza e tarefas de aprendizaxe multimodais e multisensoriais, que impliquen distintos sentidos (audición, visión, ...) e capacidades intelectuais.

13. PLANS E PROXECTOS

Neste centro na actualidade están vixentes e aprobados polo Consello Escolar os seguintes plans e proxectos que se presentan nos ANEXOS:

- PLAN ACCIÓN TITORIAL: ESO E INFANTIL E PRIMARIA. (ANEXO V)
- PLAN XERAL DA BIBLIOTECA. PROXECTO LECTOR (Anexo VI).
- PLAN DE ORIENTACIÓN. (ANEXO VII)
- PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON DESCOÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS COOFICIAIS.
(ANEXO VIII)
- PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA NO SISTEMA EDUCATIVO.
(ANEXO IX)
- PLAN DE CONVIVENCIA. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. (ANEXO X)
- PLAN TIC. PROXECTO ABALAR. (ANEXO XI)
- PROXECTO SOCIOLINGÜÍSTICO. (ANEXO XII)
- PROXECTO SECCIÓNS BILINGÜES. (ANEXO XIII)
- PROXECTO METEOESCOLAS. (ANEXO XIV)